



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
30.07.2020

LUGAR: Aula virtual: Sala 24 Reitoría – Consello Social -1

DATA: 30.07.2020

HORA DE COMEZO: 12:05

HORA DE REMATE: 13:35

LISTA DE PARTICIPANTES

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Blanco Rial, María Gloria
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Cebro Rodríguez, Xoán
Fernández Zunzunegui, Emilio
Franco García, José María
Garrido Valenzuela, Javier
González Piñeiro, Manuel
Graña Nogueiras, Jesús
Iglesias Bueno, Marta
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
Macho Senra, Antonio
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Pedrosa Silva, Ernesto
Piñeiro Rivas, Juan Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Gándara, Rosa María
Souto García, Raquel María
Vázquez Reboredo, Ana Isabel
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel
Zunzunegui Garrido, Natalia

ESCUSAN PARTICIPACIÓN

Couto Cancela, Daniel
Figueroa Vila, José Manuel
López Fernández, Yolanda

NON PARTICIPARON

Barata Quintas, Daniel
Casares Mouríño, Francisco Javier

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O xoves, 30 de xullo de 2020, ás 12:05 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (02.07.2020).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Incorporación de remanente por causas extraordinarias asociadas a gastos para o inicio do curso.
5. Informe que proceda sobre as propostas de modificación/verificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento, para o curso 2021/2022 na UVigo. (Consello de Goberno do 28.07.2020).
6. Aprobación, se procede, da proposta de actualización das tarifas por actividades deportivas correspondentes ao 2020.
7. Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos Obradoiros que desenvolverá a UVigo no curso 2020/2021 nos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.
8. Supervisión, se procede, das taxas correspondentes ás seguintes ensinanzas propias:
 - II Curso de formación en "Data Mining con R"
 - VII Curso de formación en "Estatística avanzada con "R" para profesionais da saúde"
 - XVIII Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"
9. Aprobación, se procede, das taxas correspondentes ás seguintes ensinanzas propias:
 - VII Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"
10. II edición do Curso de formación en "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral". Revisión de incidencias. Aprobación, se procede.
11. Convenios asinados pola UVigo no mes de xuño de 2020.
12. Rogos e preguntas.

O Pleno reúne de xeito telemático, ao abeiro do artigo 24.2) de Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social, dada a situación de excepcionalidade a causa das medidas de alerta decretadas polo COVID-19. O presidente agradece a elevada participación, e transmite a previsión de celebrar de xeito presencial o próximo pleno, se para entón se dan as condicións e as garantías precisas. Asiste como convidado o vicerreitor de Organización académica e profesorado, Manuel Ramos, para informar sobre o punto 5.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (02.07.2020).

- ***Apróbese por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Reflexiona Ernesto Pedrosa sobre os prazos, as expectativas e a toma de decisións que obrigan á institución universitaria "nun contexto extraordinario, no que ata o de agora convivían as certezas cas responsabilidades, e agora son as intuicións as que guían as decisións". Engade que probablemente a universidade estea a vivir unha das maiores transformacións da súa historia,



obrigada polas circunstancias, "e, se ben, as consecuencias e os resultados son imprevisibles, as perspectivas alimentan tanto o optimismo como as sombras sobre o futuro modelo da ensinanza superior. Dependerá do acerto das decisión que se tomen agora". Neste senso, agradece ao Reitor as explicación sobre como se está a xestionar "esta anomalía dos tempos".

O presidente explica que as universidades son conscientes de que deben cambiar o enfoque da ensinanza cara á aprendizaxe, e desvela o estudo elaborado pola Conferencia de Consellos Sociais (CCS) e a Rede de Fundacións universidade-empresa, que analiza o que están a facer as universidades españolas para ensinar aos xoves a desenvolverse nun futuro incerto, e que apunta como principal conclusión que só unha de cada tres universidades españolas dispón dunha estratexia de transformación dixital, e que apostaron máis por modelos de optimización que de disrupción. Apela a que a COVID-19 trouxo a imperiosa necesidade de acometer ese reto de xeito inmediato. Informa que o estudo completo pódese consultar na web do Consello Social.

Respecto da Orde do Día, subliña a alta pre-inscrición nos Másteres da UVigo, que dobra os datos do pasado curso, e a previsión de que a matrícula nos Graos roce a plena ocupación. Cita como posibles causas a redución das taxas, a decisión de moitos estudantes de quedarse na Comunidade e o maior número de aprobados nos Graos. Neste punto agradece a presenza do vicerreitor Manuel Ramos.

Dá conta de seguido dun novo informe do Observatorio de egresados, que dirixe Luis Espada, no que se analiza o impacto laboral da pandemia entre os egresados que traballan tanto en Galicia como en España ou no estranxeiro. Sobre as conclusión, que tamén se poden consultar na web do Consello Social, avanza que entre marzo e xuño o desemprego pasou do 4,7% ao 9,3%, e un 54% dos consultados efectuaron tele-traballo ou traballo remoto.

Remata ofrecendo ao reitor e ao equipo de goberno "as capacidades, relacións e experiencias dos membros do Consello Social", e tamén os recursos económicos dos que dispón "para financiar actividades en beneficio dos alumnos, prioritariamente para facilitar o acceso á formación e ao coñecemento, para situacións familiares adversas ou de calquera outra condición que favoreza a igualdade de oportunidades".

PUNTO 3

Informe do reitor.

Manuel Reigosa agradece a intervención do presidente, ratifica que os datos da matrícula "van ben" e subliña a importancia de que a universidade afonde na súa función pública o poder prestar ese servizo "preto da casa". Cualifica como acerto a decisión de baixar os prezos das taxas, tomada polo Goberno central, e anuncia novas liñas de axudas para estudantes de familias que o necesiten. Informa que, consonte o calendario académico, as clases darán comezo o 21 de setembro, se ben haberá actividades docentes autorizadas dende o día 7 de setembro.

Prosegue o Reitor informando pormenorizadamente de todo o proceso seguido para conformar as denominadas Aulas Integra, despois de negociar con decanos e directores de cada centro a formulación docente para o vindeiro curso. Explica que 18 centros apostaron pola presencialidade total nos Graos (33%), 25 elixiron a presencialidade parcial, e 11 optaron por un modelo mixto. No tocante aos Másteres, 30 serán presenciais (o 50%); 6 non cambian, porque xa eran semi-presenciais ou online; e 24 adoptarán un modelo mixto.

Amósase confiado Manuel Reigosa en comezar o curso "sen sobresaltos", e esténdese en valorar tanto o esforzo feito polos responsables dos centros como o traballo desenvolto polo equipo de goberno, para facelo posible.

Conclúe o Reitor dando conta da importancia e atención que está a demandar o Programa universitario de Maiores, e lamentando que -por causa da pandemia- téñase que adiar un ano os "cambios radicais" que estaba previsto introducir nesta modalidade de ensinanza, e que polo tanto este próximo curso se desenvolverá de xeito continuista.



PUNTO 4

Incorporación de remanente por causas extraordinarias asociadas a gastos para o inicio do curso.

O vicerreitor de Economía, José M^a Martín Moreno, explica este punto, motivado pola necesidade de ter os equipos e as aulas preparadas para o inicio do curso 2020/2021, para o que se negociou un convenio extraordinario coa Xunta que previsiblemente non se poderá firmar coa antelación suficiente para ter todo listo o 21 de setembro. Pide Martín Moreno incorporar do remanente da UVigo os fondos precisos para afrontar o gasto previsto (950.000 euros), e repoñelos cando se firme o convenio.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 5

Informe que proceda sobre as propostas de modificación/verificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento, para o curso 2021/2022 na UVigo. (Consello de Goberno do 28.07.2020).

Intervén Manuel Ramos para responder con agradecemento á invitación do Consello Social e informar do trámite final do procedemento para a verificación e modificación de títulos para implantar na UVigo, no curso 2021/22. Puntualiza que, inicialmente, houbo máis declaracións de interese presentadas en febreiro das que chegan agora ao final, feito que atribúe ás excepcionais circunstancias vividas, se ben advirte que moitas eran modificacións non urxentes; e precisa tamén que, por esa mesma excepcionalidade, este ano haberá un novo prazo para poder presentar novas propostas en setembro.

A partires deste marco, o vicerreitor debulla os catro Graos e sete Másteres recollidos na lista final. No primeiro bloque aclara as modificacións en dous deles, e as novidades que presentan os outros dous que xa o ano pasado intentaron poñerse en marcha e volven na confianza de que "superen agora os trámites para que se poidan impartir". É o caso de *Deseño*, que presenta nova Memoria e cambio de nome, e o de *Filoloxía aplicada galega e española*, que substitúe a outra con problemas de matrícula e que presenta a singularidade de introducir unha compoñente aplicada dende a aportación tecnolóxica, ademais de introducir un módulo do sistema de signos que era unha eiva no SUG.

Respecto dos Másteres expón que catro deles introducen modificación menores, despois do exame das axencias de cualificación, e que nun caso trátase de aumentar o número de prazas. Dos outros tres, un incorpora modificacións máis substanciais, como pode ser o cambio de nome, polo que debe ir a verificación; no caso de *Dereito da Empresa* trátase de recuperar un título que xa se impartirá pero estaba en suspenso dende hai tres anos; e o de *Sistemas aéreos non tripulados* ven a resolver outra eiva no SUG, porque estase a impartir noutras comunidades con moito éxito.

Aclaradas varias cuestións e reflexións expostas polos asistentes, Manuel Ramos comunica a retirada da única proposta de Doutoramento que se presentaba "porque o que ían a ser modificacións menores convertéronse en máis profundas", confiando en que se poida presentar na ventá de setembro.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 6

Aprobación, se procede, da proposta de actualización das tarifas por actividades deportivas correspondentes ao 2020.

Na documentación entregada aos asistentes, ademais da actualización dos prezos (consonte o tipo de usuario e a modalidade de abono), recóllese a actualización das datas de períodos promocionais de portas abertas para a comunidade universitaria e as exencións.

- ***O Pleno aproba a proposta.***



PUNTO 7

Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos Obradoiros que desenvolverá a UVigo no curso 2020/2021 nos Campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

Resume o presidente o contexto no que se desenvolverá a convocatoria de axudas para os Obradoiros e o custe das actividades, que será de 40 € para o público en xeral e 26 € para as persoas membros da comunidade da UVigo.

- ***O Pleno aproba a proposta.***

PUNTO 8

Supervisión, se procede, das taxas correspondentes ás seguintes ensinanzas propias:

- *II Curso de formación en "Data Mining con R"*
- *VII Curso de formación en "Estatística avanzada con "R" para profesionais da saúde"*
- *XVIII Curso de formación en "Fundamentos de deseño técnico con SOLIDWORKS"*

Lembra Ernesto Pedrosa o procedemento que se segue para a aprobación das taxas das ensinanzas propias da universidade, que normalmente se tramitan e avalían na Comisión Executiva e que se traen ao Pleno por razón de operatividade. Os cursos que figuran neste punto xa concluíron pero cumpren os requisitos e as taxas foron informadas favorablemente no seu momento e en tempo polo presidente.

- ***O Pleno ratifica a aprobación das taxas.***

PUNTO 9

Aprobación, se procede, das taxas correspondentes ás seguintes ensinanzas propias:

- *VII Curso de formación en "Didáctica da ficción e creación literaria"*

As taxas deste curso sométense a aprobación porque aínda non comezará ata o día 14 de setembro, polo que non se precisa utilizar a delegación no presidente. Sublíñase que cumpre os requisitos e recomendación do Consello Social.

- ***O Pleno aproba as taxas.***

PUNTO 10

II edición do Curso de formación en "Negociación colectiva e individual no ámbito laboral". Revisión de incidencias. Aprobación, se procede.

Comunica o secretario que as incidencias que afectan a este curso e incumpren as normas e recomendación do Consello Social son basicamente dúas:

- A primeira, por non ser remitida a proposta do curso no seu momento polo Servizo de Xestión de estudos de posgrao ao Consello Social, para a preceptiva aprobación das taxas, executándose na súa totalidade entre o 19 de setembro e o 4 de decembro de 2019 sen cumprir ese requisito, circunstancia recoñecida polo propio Servizo mediante escrito remitido ao Consello Social.
- A segunda afecta a non ter dedicado a Bolsas o 5% do orzamento do curso, segundo se desprende da Memoria final. Requirida explicación á directora do curso, resposta por escrito que o curso está integramente financiado polo Consello galego de relación laborais, e que no convenio asinado a tal efecto sinalábase que, dedicárase a bolsas a cantidade concreta de 600 euros, cantidade insuficiente para cumprir as normas do Consello Social. No mesmo escrito, a directora comprométese a que se corrixa esta anomalía na próxima edición.

Tendo en consideración os dous escritos xustificativos recibidos e o propósito de emenda, o secretario propón que se aproben as taxas e a Memoria final, coa advertencia aos responsables do curso de que non se admitirá un novo incumprimento, posición que reforza Juan Vieites pedindo que se intensifique o control para que non volva a suceder.

- ***O Pleno aproba a proposta e a advertencia aos responsables do curso.***



PUNTO 11

Convenios asinados pola UVigo no mes de xuño de 2020.

Pregunta Manuel G. Piñeiro se a UVigo está de acordo co reparto de recursos feito pola Xunta para subvencionar parte do custo das universidades pola información científica en liña, e interesase tamén por saber se hai algunha estimación do custe que terá para a UVigo este convenio. Resposta Manuel Reigosa que se sinte satisfeito, que se fixo unha negociación de boa fe e que os acordos hai que respectalos. Avanza que o custe para a UVigo estará por riba dos 700 mil euros, e confía en que “imos ser quen de facelo ben” cas achegas esperadas. Engade o reitor que hai outras necesidades que se presentaron ante o Ministerio, e comprométese a elaborar un breve informe para presentar no próximo Pleno.

PUNTO 12

Rogos e preguntas.

Manuel G. Piñeiro abre unha rolda de felicitacións ao reitor e ao equipo de goberno polo traballo que están a facer para afrontar a pandemia, e principalmente pola dotación da axuda para os estudantes afectados, pregunta tamén se hai previsión de facer algo máis en caso de rebrotos. Sumase aos parabéns Juan Vieites –“pola normalidade e facilidade con que se abordou a situación como servizo público, polas axudas e pola incorporación de novas capacidades e novas tecnoloxías”; consulta ademais se o Programa universitario de Maiores (PUM) será presencial ou non-. Antonio Macho engade parabéns “polas matrículas rexistradas ata o momento”; e pide aclaracións sobre se se ampliarán prazas e prazos para algúns Másteres, porque algúns titulados chegan moi xustos de tempo e xa sen vacantes. Xosé M. Atanes transmite parabéns ao equipo de goberno “polo traballo”, e inquire se hai un plan de renovación a curto ou medio prazo, e como afectará, para afrontar as xubilacións de profesorado.

Mercedes Castro amósase moi preocupada pola posible evolución da pandemia no vindeiro outono e vaticina un elevado contaxio pola irresponsabilidade social. Felicita ao equipo reitoral polo traballo feito pero sente inquedanza por como acadará que as distintas facultades se apliquen con rigor na prevención.

Emilio Zunzunegui adhírese aos parabéns, e do mesmo xeito se pronuncian, a través do chat, César Blanco, José M^a. Franco, M^a Elena Añel, Jesús Graña e Javier Garrido. Este último ve necesario que a UVigo teña máis presenza pública en materia económica, opinión que comparte Natalia Zunzunegui.

Intervén o reitor para agradecer os parabéns e dar resposta os asuntos expostos. Respecto da bolsa de axudas declara como a súa prioridade máxima que ningún estudante quede atrás, e non descarta que durante o curso haxa que buscar medidas adicionais por se os 90 mil euros dispostos fosen insuficientes. Manifesta neste punto sentirse orgulloso polo comportamento do alumnado durante o confinamento, por ter traballado arreo e por ser consciente da situación “con un esforzo e resultado excepcional”.

Comparte Manuel Reigosa a fonda preocupación de Mercedes Castro, “pero creo que na universidade imos ser exemplo e faremos todo o posible para que os centros sexan seguros”. Admite que os riscos están aí, “pero temos todo preparado para calquera escenario”.

Respecto do PUM cualifica o próximo curso como un ano de transición, no que non se poderán incorporar os cambios previstos porque a situación que estamos a vivir “íanos xerar moitos problemas coas aulas e as necesidades de espazo”. Aclara que os estudantes desta modalidade terán o mesmo tratamento que os demais, contemplándose que as clases poidan ser presenciais ou dende a casa.

No tocante ao calendario de matrículas e prazas dos Másteres explica que se están a facer reflexións internas sobre as cuestións e os casos nos que se pode intervir, sobre todo no referido ás prazas. En canto ás xubilacións asegura que é un tema xa estudado, e avanza que en setembro presentárase un estudo de situación e necesidades “área por área e Campus por Campus”. Considera que se trata dun problema xeral do sistema universitario. Maníféstase, finalmente, partidario de que a UVigo teña a maior presenza pública posible.



Rematada a intervención, remuda o reitor no uso da palabra ao vicerreitor Manuel Ramos para expresar que lle gustaría aumentar o número de prazas nos Másteres, por exemplo, pero que hai decisións que son competencia da comunidade autónoma e é comprensible que así sexa para manter un equilibrio dentro do SUG. Reflexiona de seguido sobre a conveniencia de anticiparse ás necesidades de rexuvenecemento do persoal da UVigo, e a dificultade de facelo nun marco de limitacións normativas polos atrancos engadidos, e confirma a elaboración do estudo analítico e prospectivo que se está a facer e que ofrece remitilo ao Consello Social por se se estima oportuno que sexa presentado nun próximo Pleno.

José M^a. Franco interésase finalmente polos convenios firmados con universidades de Ibero América. Recoñece o Reitor unha eiva no tratamento sistematizado dos convenios; adianta que se está traballando na creación dun sistema para axilizar o acceso á información automatizada dos convenios a fin de dispor de información precisa, suficiente e operativa.

Pecha o presidente dando as grazas pola participación dos presentes e reiterando a posta a disposición do equipo de goberno de recursos do Consello Social para acción de apoio aos estudantes que o precisen.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:35 horas do 30 de xullo de 2020, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias